

As partes en copropiedade non son en ningún caso susceptibles de división e só poderán ser alleadas, gravadas ou embargadas xuntamente coa parte determinada privativa da que son anexo inseparable.

En caso de alleamento dun piso ou local, os donos dos demais, por este só título, non terán dereito de tanteo nin de retracto.

Esta forma de propiedade réxese polas disposicións legais especiais e, no que estas permitan, pola vontade dos interesados.»

2. Sen prexuízo do disposto na alínea anterior, as modificacións introducidas no Código civil e na Lei hipotecaria polos artigos 1 e 2 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, permanecen en vigor coa súa redacción actual.

#### Disposición transitoria única.

As normas contidas no artigo 21 da Lei sobre propiedade horizontal, conforme á nova redacción dada ó dito precepto pola presente lei, non serán aplicables ós procesos xudiciais xa iniciados de acordo coa lexislación anteriormente vixente, os cales continuarán tramitándose de acordo con esta ata a súa conclusión.

#### Disposición derradeira.

1. Quedan derogadas cantas disposicións xerais se opoñan ó establecido na presente lei. Así mesmo quedan sen efecto as cláusulas contidas nos estatutos das comunidades de propietarios que resulten contrarias ou incompatibles con esta lei.

2. Os estatutos das comunidades de propietarios adaptaranse, no prazo dun ano, ó disposto na presente lei.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 6 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**8175** *REAL DECRETO LEI 4/1999, do 9 de abril, polo que se adoptan medidas urxentes para repara-los danos causados polas chuvias torrenciais e o temporal acontecidos en xaneiro de 1999 na Comunidade Autónoma de Canarias.* («BOE» 86, do 10-4-1999.)

As condicións meteorolóxicas que se concitaron arredor do arquipélago canario a principios do mes de xaneiro de 1999 produciron un conxunto de fenómenos adversos inusuais tanto pola súa variedade como pola súa intensidade. Durante os días 7, 8 e 9 producíronse en toda a Comunidade Autónoma importantes danos causados polas chuvias torrenciais e o temporal que afectaron o arquipélago en tales datas.

No litoral, a forte marusía produciu danos de especial relevancia nas instalacións portuarias e nas infraestruturas turísticas; o temporal afectou tamén gravemente a maior parte dos cultivos, ocasionando danos nas colleitas e estragos en invernadoiros e camiños agrícolas. Os fortes ventos orixinaron, así mesmo, desprendementos en muros e noiros e, en xeral, danos nas infraestruturas urbanas.

Dada a magnitude destes feitos e os seus efectos catastróficos, resulta necesaria, desde o principio constitucional de solidariedade, unha acción dos poderes públicos tendente á adopción de medidas paliativas e reparadoras que contribúan ó restablecemento gradual da normalidade nas zonas sinistradas, establecéndose pola súa vez os procedementos que garantan coa necesaria rapidez e flexibilidade o financiamento dos gastos que se deriven da reparación dos danos producidos e da rehabilitación dos servizos públicos afectados.

O obxectivo desta norma é aprobar un catálogo de medidas, que afectan a varios departamentos ministeriais, co fin de coadjuvar ó restablecemento da situación anterior ós feitos naturais descritos.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de abril de 1999,

#### DISPONGO:

##### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas no presente real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos causados polas chuvias torrenciais e o temporal acontecidos na Comunidade Autónoma de Canarias os días 7, 8 e 9 de xaneiro de 1999.

2. Os termos municipais e núcleos de poboación afectados ós que concretamente sexan de aplicación estas medidas, serán determinados por orde do ministro do Interior.

3. Para os efectos destas actuacións reparadoras, entenderanse tamén incluídos aqueloutros núcleos de poboación ou termos municipais nos que, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos departamentos ministeriais competentes.

4. Ós proxectos que executen as entidades locais nos termos municipais ou núcleos de poboación comprendidos no ámbito de aplicación do presente real decreto lei, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos ou instalacións para a prestación dos servizos establecidos no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e á rede viaria de titularidade dos Cabidos Insulares, aplicaráselle-lo trámite de urxencia, podendo serlle concedida polo Estado unha subvención máxima do 50 por 100 do seu custo.

##### Artigo 2. *Indemnización de danos en producións agrarias.*

Os danos causados polas chuvias torrenciais e polo temporal sobre producións agrarias aseguradas en pólizas en vigor do seguro agrario combinado regulado pola Lei 87/1978, do 28 de decembro, así como sobre os elementos de soporte e cobertura necesarios para a súa obtención, serán obxecto de indemnización con cargo ás dotacións previstas no artigo 12 deste real decreto lei, cando non se encontren cubertos polas ordes reguladoras das condicións de aseguramento.

**Artigo 3. Danos en infraestructuras agrarias.**

Facúltase o titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para declarar zona de actuación especial a área afectada, co obxecto de que este departamento ou os seus organismos autónomos poidan restaurar, no ámbito das súas competencias, a situación anterior ás chuvias torrenciais e ó temporal.

**Artigo 4. Danos en infraestructuras ambientais.**

Facúltase a titular do Ministerio de Medio Ambiente para declarar zona de actuación especial a área afectada, co obxecto de que este departamento ou os seus organismos autónomos poidan restaurar, no ámbito das súas competencias, a situación anterior ás chuvias torrenciais e ó temporal.

**Artigo 5. Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.**

Para as explotacións e actividades agrarias situadas e realizadas nas zonas que determine a orde ministerial que se dictará en desenvolvemento do artigo 1 do presente real decreto lei, e conforme ás previsións contidas ó respecto no artigo 35, alínea 4.1 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, o ministro de Economía e Facenda, á vista dos informes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto ós que se refire a orde do 22 de febreiro de 1999, pola que se desenvolven para 1999 o réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido, unha vez que se teñan en conta as indemnizacións recibidas do seguro agrario combinado naquelas producións agrarias aseguradas.

**Artigo 6. Suspensión da esixencia dos cánones por ocupación e aproveitamento do dominio público portuario e por prestación de servicios ó público e o desenvolvemento de actividades comerciais ou industriais.**

1. Os cánones por ocupación e aproveitamento do dominio público portuario e por prestación de servicios ó público e o desenvolvemento de actividades comerciais ou industriais, previstos, respectivamente, nos artigos 69 e 69 bis da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da Mariña Mercante, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, non serán esixibles provisionalmente ós afectados polos danos producidos polas chuvias torrenciais e o temporal, cando as súas concesións estean localizadas nalgún dos portos xestionados pola autoridade portuaria de Santa Cruz de Tenerife.

2. A non-esixibilidade prevista na alínea anterior manterase ata que o ente público Portos do Estado aprobe, por resolución, a estimación dos danos imputables a cada concesión. Se os danos resultaren superiores ó importe dos cánones que terían resultado esixibles no período transcorrido, outorgarase exención por estes. En caso contrario, determinarase a porcentaxe de bonificación nos cánones que sexa preciso para cubri-lo total dos danos, realizando a autoridade portuaria a liquidación polas diferencias que procedan.

**Artigo 7. Medidas laborais.**

1. As empresas e os traballadores por conta propia, non incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e domiciliados na zona afectada polas chuvias torrenciais e o temporal, poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria dun ano sen xuros no pagamento das cotizacións á Seguridade Social correspondentes ós meses de decembro de 1998 e xaneiro e febreiro de 1999.

2. Os traballadores por conta propia, incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e domiciliados na zona afectada polas chuvias torrenciais e o temporal, gozarán de exención do pagamento das súas cotas fixas mensuais correspondentes ós meses de decembro de 1998 e xaneiro e febreiro de 1999, con dereito a devolución, se é o caso, das xa ingresadas.

3. Así mesmo, concédese exención no pagamento das cotas do réxime especial agrario da Seguridade Social polas xornadas reais deste correspondentes ós meses de decembro de 1998 e xaneiro e febreiro de 1999, con dereito a devolución, se é o caso, das xa aboadas.

4. As solicitudes de moratorias e exencións de cotas a que se refiren as alíneas precedentes, deberán presentarse dentro dos tres meses seguintes ó da publicación da orde ministerial que dicte ó respecto o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para a execución do establecido neste artigo.

**Artigo 8. Réxime de contratación.**

1. Para os efectos establecidos no artigo 73 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, considéranse de emerxencia as obras, subministracións, prestación de servicios ou realización de consultorías e asistencias para a reparación das infraestructuras e equipamentos, así como para a reposición de bens danados polas chuvias torrenciais e o temporal, a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei.

2. Declárase urxente a ocupación dos bens que fosen obxecto de expropiación para a execución das obras a que se refire a alínea anterior, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

3. Na tramitación dos expedientes de contratación dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade de terreos a que se refiren os artigos 81 e 83 do Regulamento xeral de contratación do Estado, aprobado polo Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva non se faga ata a formalización da acta de ocupación.

**Artigo 9. Colaboración coas entidades locais.**

Facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas, de conformidade co previsto no artigo 13.2, para propoñe-lo pagamento das subvencións a que se refire o artigo 1.4, con cargo ó crédito extraordinario previsto no artigo 10.1, así como a establece-lo procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, o seu seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado e os investimentos das entidades locais.

**Artigo 10. Créditos extraordinarios.**

1. Concédese un crédito extraordinario, dotado con 300.000.000 de pesetas no vixente orzamento de gas-

tos do Estado, sección 22 «Ministerio de Administracións Públicas», servicio 03 «Secretaría de Estado para as Administracións Territoriais», programa 912 B «Cooperación económica local do Estado», Concepto 763 «A corporacións locais, para a reparación de danos en infraestructuras de carácter local, segundo o Real decreto lei 4/1999».

2. Concédese un crédito extraordinario, dotado con 1.400.000.000 de pesetas, no vixente orzamento de gastos do Estado, sección 17 «Ministerio de Fomento», servicio 20 «Secretaría de Estado de Infraestructuras e Transportes», programa 511D «Dirección e Servicios Xerais de Fomento», concepto 744 «As autoridades portuarias de Santa Cruz de Tenerife e de Las Palmas, para a reparación de danos en infraestructuras portuarias, segundo o Real decreto lei 4/1999».

3. Os créditos extraordinarios a que se refiren as alíneas anteriores financiaranse con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

4. Os remanentes resultantes dos créditos anteriores poderán incorporarse ó orzamento do exercicio inmediato seguinte.

#### Artigo 11. *Libramento de fondos ás autoridades portuarias.*

O libramento de fondos ás autoridades portuarias efectuarase logo do informe favorable do ente público Portos do Estado unha vez realizada a oportuna avaliación e valoración concreta dos danos polo CEDEX. A cantidade librada non poderá ser superior ó importe desa valoración.

#### Artigo 12. *Financiamento das demais actuacións que se desenvolverán.*

1. As demais actuacións que resulte necesario realizar pola Administración xeral do Estado ou polos seus organismos públicos serán financiadas con cargo ás súas respectivas dotacións orzamentarias.

2. Se para iso fose necesario efectuar transferencias de crédito, a estas transferencias non lles serán de aplicación as limitacións previstas no artigo 70 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, e no artigo 11 da Lei 49/1998, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1999.

#### Artigo 13. *Comisión Interministerial.*

1. Créase unha Comisión Interministerial para a aplicación das medidas previstas no presente real decreto lei, coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil, e integrada por representantes da Presidencia do Goberno e dos ministerios de Economía e Facenda, do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente.

2. A determinación e avaliación xeral das necesidades que se van atender coas medidas previstas neste real decreto lei serán levadas a cabo pola comisión a que se refire a alínea anterior, en coordinación coas autoridades da Comunidade Autónoma de Canarias, a través da Delegación do Goberno.

#### Disposición adicional única. *Límite das axudas.*

O valor das axudas concedidas en aplicación do presente real decreto lei, no que a danos materiais se refire,

non poderá superar, en ningún caso, a diferenza entre o valor do dano producido e o importe das axudas ou indemnizacións que, polos mesmos conceptos, puideran conceder outras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou correspondesen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

#### Disposición final primeira. *Habilitación de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias para a execución do establecido neste real decreto lei.

#### Disposición final segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Dado en Madrid o 9 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**8176** *REAL DECRETO LEI 5/1999, do 9 de abril, polo que se modifican as disposicións adicionais cuadraxésimo terceira e décimo sétima da Lei 50/1998, do 30 de decembro, e o artigo 206 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social. («BOE» 86, do 10-4-1999.)*

A Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, regula o réxime de bonificacións de cotas á Seguridade Social pola contratación indefinida de desempregados incluídos en colectivos con dificultades de inserción laboral, establecendo por primeira vez o dereito á bonificación cando as ditas contratacións se realicen a tempo parcial e primando, ademais, as contratacións do colectivo de mulleres sobre os demais. Malia iso, certas incorreccións técnicas na determinación do réxime de conversión dos contratos temporais en indefinidos, que produciron confusión na aplicación do programa, aconsellan aclarar algúns aspectos do seu réxime xurídico para garantir unha adecuada comprensión e aplicación.

Ademais, o sinalado texto legal introduciu a necesidade de xustificalo mantemento do dereito de se beneficiar de bonificacións de cotas da Seguridade Social, establecidas no seu momento ó abeiro de determinada normativa reguladora de políticas de fomento do emprego, aínda que nun prazo de tempo que se revelou insuficiente e require a súa ampliación para asegura-lo adecuado cumprimento das obrigas que establece.

Por último, cóidase necesario realizar algunhas precisións técnicas no artigo 206 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que clarifique o seu réxime xurídico.

Na súa virtude, sendo urxente a adopción das anteriores medidas, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de abril de 1999,